

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015/16.

A Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regula o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 (DOG do 25 de marzo), establece o proceso de admisión para quen non reúna os requisitos académicos establecidos con carácter xeral e para aquelas persoas que, reunindo os requisitos académicos, deben superar a proba específica definida na mesma orde, e autoriza a dirección xeral competente en materia de ensinanzas de réxime especial, na súa disposición derradeira primeira, para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento do previsto nesa orde.

Na súa virtude, esta dirección xeral resolve convocar as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015/16, que se rexerán polas seguintes instrucións:

Primeiro. *Modalidades de acceso*

1. Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio.

Terán acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio os aspirantes que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos, e superar unha proba específica.

b) Os aspirantes que non estean en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos, deberán ter feitos os dezasete anos e superar a proba de madurez que se establece no anexo III da presente resolución, ademais da correspondente proba específica.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao medio



de formación profesional, pola proba de madurez de grao medio de ensinanzas deportivas, ou pola proba de acceso para os aspirantes ás ensinanzas artísticas superiores de música, arte dramática, deseño, e conservación e restauración de bens culturais que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

2. Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior.

Terán acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior os aspirantes que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de bacharel, ou equivalente para efectos académicos, e superar unha proba específica.

b) Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel, ou equivalente para os efectos académicos, deberán ter feitos os dezanove anos e superar a proba de madurez que se establece no anexo III da presente resolución, ademais da correspondente proba específica.

Tanto nun como noutro caso, a idade mínima establecida deberá facerse dentro do ano natural de realización da proba.

c) A proba de madurez poderase substituír pola proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, pola proba de madurez a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, pola proba de madurez de grao superior de ensinanzas deportivas, ou pola proba de acceso para os aspirantes ás ensinanzas artísticas superiores de música, arte dramática, deseño, e conservación e restauración de bens culturais que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente.

Aquelas persoas que teñan pendente algunha materia de bacharelato ou ESO poderán presentarse á proba de acceso, ben que no momento de formalizar a matrícula no prazo extraordinario, no mes de setembro, deberán acreditar que están en posesión da titulación requirida.

3. Acceso directo.

3.1. Estará exento de realizar a proba específica de acceso ao grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño:

a) Quen estea en posesión dun título de técnico ou técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente.



b) Quen teña superados os cursos comúns de artes aplicadas e oficios artísticos dos plans de estudos establecidos polo Decreto 2127/1963, do 24 de xullo, os establecidos con carácter experimental ao abeiro do Real decreto 799/1984, do 28 de marzo, sobre regulación de experiencias en centros de ensinanza artística, así como polo Real decreto 942/1986, do 9 de maio, polo que se establecen normas xerais para a realización de experimentacións educativas en centros docentes.

3.2. Estará exento de realizar a proba específica de acceso ao grao superior de ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño quen estea en posesión dun título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente.

3.3. Estará exento de realizar a proba específica de acceso aos graos medio e superior das ensinanzas de artes plásticas e deseño quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

a) Título de bacharel, modalidade de artes, ou de bacharelato experimental.

b) Título superior de Artes Plásticas ou título superior de Deseño, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.

c) Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas súas diferentes especialidades.

d) Licenciatura en Belas Artes.

e) Arquitectura.

f) Enxeñaría técnica en Deseño Industrial.

3.4. Así mesmo, estará exento de realizar a proba específica de acceso ao grao medio e superior de artes plásticas e deseño quen acredite ter experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo a que se queira acceder, para o cal presentará a seguinte documentación:

– Certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral en que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada.



Segundo. *Inscrición para o acceso e admisión*

1. A inscrición para o acceso e admisión farase na secretaría das escolas públicas en que se impartan as correspondentes ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, sen prexuízo da súa presentación por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos en poder das administracións públicas. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado inclúe unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

O prazo para a inscrición comprende desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG ata o día 18 de xuño para os ciclos de grao superior, e ata o 24 de xullo para os ciclos de grao medio. Para tal fin, as escolas de arte e superiores de deseño deberán expor nos seus taboleiros de anuncios a seguinte información:

- a) Normativa reguladora de admisión do alumnado.
- b) Prazas que oferten nos diferentes ciclos que teñan autorizados.
- c) Calendario de publicación da relación de alumnado admitido, así como dos prazos para presentar reclamacións.
- d) Calendario e normas para formalizar a matrícula.

2. Para a formalización das solicitudes de admisión, as escolas de arte e superiores de deseño onde se impartan estas ensinanzas facilitaranlles ás persoas interesadas os modelos que se xuntan como anexos I e II a esta resolución. Unha vez cubertos, entregarase unha única solicitude na secretaría da escola á cal se queira acceder como primeira ou única opción, xunto coa documentación que proceda, segundo o caso, para a acreditación dos datos consignados:

– Título de ESO ou bacharel, ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou libro de cualificacións de ESO ou de bacharelato,



ou ben o certificado de estudos en que figuren as cualificacións das diferentes materias cursadas e ter realizado o depósito do correspondente título, só no caso de non autorizar a súa consulta.

– Certificado da proba de acceso ao ciclo formativo, se é o caso, e só no suposto de non autorizar a súa consulta.

– Certificado da proba de madurez de ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou ensinanzas deportivas, se é o caso, e só no suposto de non autorizar a súa consulta.

– Copia do DNI (só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade).

3. As persoas solicitantes da exención prevista no punto 5 do artigo 5 da Orde do 25 de xuño de 2007 xuntarán o certificado de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos onde conste a opción efectuada e a puntuación conseguida. A resolución sobre a exención correspóndelle ao tribunal avaliador.

4. As persoas que aleguen experiencia laboral xuntarán o documento acreditativo emitido pola empresa correspondente.

5. Os aspirantes que deban realizar a proba de madurez farano constar no punto correspondente da inscrición. No caso de non superar esta proba, non serán admitidos na proba específica.

6. Os aspirantes que estean pendentes da avaliación do proxecto final, ou da avaliación final do ciclo formativo, para a obtención dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño na convocatoria de xuño do ano académico 2014/15 e, en consecuencia, non dispoñan do título de técnico superior antes de finalizar o prazo de inscrición, poderán igualmente formalizar a súa inscrición para o acceso e admisión ás ensinanzas superiores de deseño, e deberán presentar a certificación de ter solicitado o devandito título para a formalización da matrícula no prazo ordinario establecido.

7. As escolas de arte e superiores de deseño onde se realice a inscrición remitirán o día 18 de xuño á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través de correo electrónico, a relación provisional de persoas inscritas para o acceso e admisión aos ciclos formativos de grao superior, ordenadas alfabeticamente, con



apelidos, nome e número do documento nacional de identidade, así como as probas que deban superar e ciclos formativos da mesma familia profesional que se oferten na Comunidade Autónoma de Galicia a que opten, ordenados segundo a preferencia do aspirante, se é o caso, e escolas de arte e superiores de deseño de Galicia nas cales desexan cursar os seus estudos, ordenadas segundo a preferencia manifestada pola persoa aspirante, e expoñerán a dita relación provisional nos seus taboleiros de anuncios e nas súas páxinas web ese mesmo día.

8. Os aspirantes que detecten erros ou exclusións nas listaxes provisionais de admitidos ao acceso e admisión a ciclos formativos de grao superior poderán presentar por escrito a correspondente reclamación na escola onde se inscribisen, durante os días 19 e 22 de xuño.

Resultas as reclamacións presentadas, as escolas publicarán nos seus taboleiros de anuncios e nas súas páxinas web a relación definitiva de admitidos ao acceso a ciclos formativos de grao superior, e remitirán por correo electrónico a dita relación á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o día 22 de xuño.

9. A relación definitiva de persoas inscritas será exposta no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>, o día 23 de xuño.

Terceiro. *Desenvolvemento das probas*

a) Probas de acceso ao grao medio.

1. As probas de acceso ás ensinanzas de grao medio realizaranse nas escolas de arte e superiores de deseño en que se inscribisen os alumnos e alumnas nos días e horas que se indican a continuación:

1.1. Proba de madurez: 2 de setembro.

– Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

Versará sobre as seguintes materias: Lingua Galega, Lingua Castelá, área científico-tecnolóxica e área sociocultural. O alumnado seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para responder ás cuestións de cada materia será de sesenta minutos.



– Segunda parte: das 16.30 ás 19.30 horas.

Versará sobre contidos relacionados coa educación plástica e visual.

1.2. Proba específica: 4 de setembro.

A proba específica realizarase de acordo co establecido no anexo IV desta resolución e terá lugar en cada unha das escolas de arte e superiores de deseño, nas horas que se indican a continuación:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

b) Ciclos de grao superior.

1. As probas de acceso ás ensinanzas de grao superior realizaranse na Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo en Santiago de Compostela, nos días e horas que se indican a continuación:

1.1. Proba de madurez: 26 de xuño.

A proba de madurez realizarase de acordo co establecido no anexo III desta resolución e nas horas que se indican a continuación:

– Primeira parte: das 10.00 ás 13.00 horas.

Versará sobre as seguintes materias: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, lingua estranxeira (Inglés ou Francés), Historia de España, Historia da Filosofía, Filosofía e Cidadanía, e Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

O alumnado seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a realización desta proba será de tres horas.



– Segunda parte: das 17.00 ás 18.00 horas.

Versará sobre contidos relacionados coa Historia da Arte.

1.2. Proba específica para todas as familias profesionais: 9 de xullo.

A proba específica realizarase segundo figura no anexo IV desta resolución e nas horas que se indican a continuación:

Primeiro exercicio: das 10.00 ás 11.00 horas.

Segundo exercicio: das 12.00 ás 14.00 horas.

Terceiro exercicio: das 17.00 ás 19.00 horas.

2. Calquera posible variación sobre este calendario requirirá autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Cuarto. *Tribunais das probas*

Os tribunais tomarán como criterios de avaliación os que se indican nos anexos III e IV desta resolución.

a) Grao medio.

1. Para a administración das probas de grao medio constituirase un tribunal avaliador en cada unha das escolas de arte e superiores de deseño en que se imparta algún ciclo formativo de grao medio, coa composición que figura no anexo V desta resolución.

O tribunal avaliador de cada escola de arte e superior de deseño é o órgano competente para resolver sobre a admisión do alumnado. Nos centros públicos, a dirección será a responsable do estrito cumprimento das normas xerais sobre a admisión do alumnado e correspóndelle á xunta de escola garantir o seu cumprimento. Nos centros autorizados de arte, as persoas titulares serán as responsables do estrito cumprimento das normas xerais sobre a admisión do alumnado e correspóndelle ao consello escolar garantir o seu cumprimento.



2. Unha vez concluído o proceso de admisión, cada tribunal avaliador publicará, o día 8 de setembro, a listaxe de aspirantes admitidos e non admitidos, en orde decrecente segundo a puntuación asignada. Contra a resolución dos tribunais avaliadores os aspirantes poderán presentar reclamacións segundo se establece no punto sexto desta resolución.

b) Grao superior.

1. Para a administración das probas de grao superior constituirase un tribunal avaliador coa composición que figura no anexo V desta resolución.

2. Unha vez concluídas as probas de madurez, o día 1 de xullo, os tribunais avaliadores publicarán na páxina web e no taboleiro de anuncios da escola onde se realizou a proba a listaxe de aspirantes, con expresión da cualificación obtida, presentados e non presentados, ordenados por puntuación e en orde decrecente. Os aspirantes poderán formular reclamacións contra as cualificacións obtidas ou solicitar emendas dos erros observados, mediante escrito razoado presentado na secretaría da escola onde se realizou a proba durante os días 2 e 3 de xullo. Os tribunais avaliadores resolverán o que proceda antes do día 7 de xullo, e publicarán, no mesmo día, as listaxes definitivas nos taboleiros de anuncios e na páxina web da escola onde se realizou a proba; así mesmo, remitirán, no mesmo día, estas mesmas listaxes á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a súa publicación no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 7 de xullo.

3. Unha vez concluído o proceso de cualificación das probas específicas, os tribunais avaliadores publicarán a listaxe de aspirantes con expresión da cualificación final obtida en cada ciclo formativo, o día 14 de xullo, e remitirán o mesmo día esta mesma listaxe á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a súa publicación no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 15 de xullo.

Os aspirantes poderán presentar por escrito na secretaría da escola onde se realizou a proba reclamación contra das cualificacións obtidas ou solicitar emenda dos erros observados durante os días 15 e 16 de xullo.

Os tribunais avaliadores resolverán o que proceda en relación coas reclamacións presentadas o día 17 de xullo, e expoñerán, o mesmo día, as listaxes definitivas no taboleiro



de anuncios e na páxina web da escola onde se realizou a proba, e remitirán por correo electrónico as mesmas listaxes á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

O/A presidente/a de cada tribunal avaliador expedirá a certificación da cualificación obtida por cada aspirante segundo o modelo do anexo VI, e as ditas certificacións quedarán depositadas e custodiadas pola escola en que se realizaron as probas. Os aspirantes poderán retirar as ditas certificacións, e quedará na escola copia na cal conste a data e a sinatura do aspirante que a retira.

Unha vez rematado definitivamente o proceso de matrícula, as escolas deberán solicitar as ditas certificacións á escola en que se realizaron as probas e integrais no expediente do seu alumnado.

As listaxes definitivas de cualificación serán expostas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 20 de xullo.

Quinto. *Distribución da oferta e criterios para a asignación de prazas*

Para a distribución da oferta de prazas en cada ciclo formativo, e a prelación na asignación das prazas ofertadas observarase o disposto na Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2007, pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

1. No caso de aspirantes que aleguen para o acceso a posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño, a cualificación media do seu expediente académico calcularase segundo se dispón no artigo 9.4 da Orde do 9 de setembro de 2004 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de artes plásticas e deseño de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de setembro). No resto dos casos, a cualificación media do expediente calcularase como a media aritmética das cualificacións acadadas nas diferentes materias dos estudos alegados para o acceso ao ciclo formativo, expresada con dous decimais.

2. Para os efectos do cálculo da cualificación media do expediente académico das persoas que soliciten acceder aos ciclos formativos aplicaranse as seguintes equivalencias,

CVE-DOG: 0vvfa787-f758-rtm2-pr61-yccicvedc5x6



agás que no seu expediente consten explicitamente as cualificacións numéricas das materias, caso en que serán as que se teñan en conta:

- Suficiente/aprobado: 5,5.
- Ben: 6,5.
- Notable: 7,5.
- Sobresaliente/matricula de honra: 9,0.

O resultado de aplicar a táboa de equivalencias indicada expresarase coa media aritmética das diferentes materias que integran os cursos dos respectivos plans de estudo, con dúas cifras decimais. Para determinar a media do expediente académico non se considerarán as materias ou áreas que o alumnado teña validadas ou das que estivese exento.

3. Na determinación da cualificación final da proba de acceso non se terá en conta a parte da cal o aspirante estea exento.

4. Unha vez aplicados os criterios establecidos para a adxudicación das prazas ofertadas, de haber empate entre dous ou máis aspirantes, a asignación da praza farase mediante sorteo público.

5. En cada escola de arte e superior de deseño ofertaranse as prazas dispoñibles para cada módulo solto da oferta modular das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño. As condicións, criterios e probas de acceso serán as mesmas que as reguladas para os ciclos formativos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, segundo o establecido nesta resolución. No caso de que queden prazas vacantes unha vez resolto o proceso de admisión, as ditas vacantes poderán ser ofertadas ao alumnado que non curse ensinanzas regradas. Neste caso, as prazas cubriranse por estrita orde de chegada da súa inscrición. Este alumnado poderá obter unha certificación das capacidades acadadas.

Sexto. *Reclamacións e recursos*

1. Os acordos e decisións sobre a admisión do alumnado realizados polos tribunais avaliadores poderán ser obxecto de reclamación, ante o mesmo órgano que os ditou, no prazo de dous días hábiles. Estes órganos deberán resolver as reclamacións no prazo dun día hábil.

CVE-DOG: 0vvfa787-f758-rtm2-pr61-yccicvedc5x6



2. Contra as resolucións das reclamacións emitidas polos tribunais avaliadores, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada nos termos que figuran no artigo 16 da Orde do 25 de xuño de 2007.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común.

Sétimo. *Matrícula e constitución de grupos de ciclos formativos*

1. Os aspirantes que obteñan praza, asignada por resolución dos tribunais avaliadores, deberán formalizar a súa matrícula entre os seguintes días:

– Grao medio: do 9 ao 11 de setembro, ambos os dous inclusive.

– Grao superior: do 20 ao 24 de xullo, ambos os dous inclusive.

– Unha vez rematado este prazo ordinario de matrícula, as escolas remitirán por correo electrónico a relación de aspirantes matriculados á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o mesmo día 24 de xullo.

– A relación de prazas asignadas, prazas vacantes e listaxe de espera será publicada no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o día 27 de xullo.

2. Para a formalización das solicitudes de matrícula as escolas facilitaranlles ás persoas interesadas o modelo que se xunta como anexo I e II a esta resolución. Unha vez cuberto, entregárase unha única solicitude na secretaría da escola, que se xuntará á documentación xa presentada. A non formalización de matrícula no prazo estipulado, salvo causas debidamente xustificadas, implicará a perda do dereito a acceder a estas ensinanzas no curso 2015/16.

3. Establécese un prazo extraordinario de matrícula do 7 ao 11 de setembro, ambos os dous incluídos, co obxecto de que os aspirantes que tivesen pendente de superar algunha das materias de bacharelato ou da ESO poidan acreditar a súa superación, no momento de formalizar a matrícula, e para a formalización da matrícula daqueles aspirantes en listaxe de espera aos cales se lles asigne praza.



4. Para a correcta asignación de prazas os tribunais avaliadores terán en conta criterios de admisión establecidos na Orde do 25 de xuño de 2007, corrixida pola Orde do 15 de marzo de 2013.

5. Para cada ciclo formativo constituirase, con carácter xeral, un único grupo de alumnos e alumnas por escola. O número de alumnos e alumnas de cada grupo dependerá das características pedagóxico-didácticas e das posibilidades das instalacións e medios de cada ciclo e escola en particular e non deberá superar en ningún caso os 30 alumnos e alumnas; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor. Calquera modificación deste límite requirirá autorización previa e expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6. A posta en marcha de cada ciclo formativo estará condicionada á existencia dun número mínimo de 10 alumnos e alumnas; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor. Calquera modificación deste límite requirirá autorización previa e expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Oitavo. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde desta consellería do 26 de marzo de 2012 (DOG núm. 66, do 4 de abril). O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2015

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO ACCESO E ADMISIÓN AO GRAO MEDIO DAS ENSEINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED511D	DOCUMENTO SOLICITUDE
CURSO ESCOLAR 2015/16		

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			DATA DE NACEMENTO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

Admisión como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO/MÓDULO SOLTÓ	LOCALIDADE (PROVINCIA)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA	
1. Que cumpre o requisito de acceso:	
– Directo por: <input type="checkbox"/> 1. Bacharelato, modalidade de artes ou bacharelato artístico experimental <input type="checkbox"/> 2. Técnico dunha familia profesional relacionada ou cursos comúns de artes aplicadas e outros oficios artísticos <input type="checkbox"/> 3. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada ou título equivalente <input type="checkbox"/> 4. Título superior de Artes Plásticas, Deseño ou Conservación e Restauración de Bens Culturais <input type="checkbox"/> 5. Arquitecto ou licenciado en Belas Artes ou enxeñeiro técnico en Deseño Industrial <input type="checkbox"/> 6. Experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo ao cal se queira acceder	– Mediante proba: <input type="checkbox"/> 7. Proba específica <input type="checkbox"/> 8. Proba de acceso (parte xeral e parte específica)

CVE-DOG: 0vvfa787-f758-rtm2-pr61-yccicvedc5x6


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Título (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Certificado académico no que conste o depósito do título (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Título de bacharelato Lei orgánica 2/2006 ou título equivalente (casos 1, 2, 3, 4 e 5 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral en que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada (caso 6 do acceso)
- Certificado da proba de acceso ao ciclo formativo (caso 7 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Copia do DNI, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de titulacións académicas que constan en poder do Ministerio con competencias en materia de educación, de conformidade co artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

- SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de certificacións académicas e/ou probas de acceso que constan en poder da Administración Autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 25 de xuño de 2007, modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
- Resolución do 22 de maio de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015/16.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección do centro



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO ACCESO E ADMISIÓN AO GRAO SUPERIOR DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED511E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

CURSO ESCOLAR 2015/16

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO DATA DE NACEMENTO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

Admisión como alumno/a para cursar, por orde de preferencia, os estudos seguintes (1):

CENTRO EDUCATIVO	CICLO FORMATIVO/MÓDULO SOLTÓ	LOCALIDADE (PROVINCIA)

(1) A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos/as; non se cuantificará para estes efectos o alumnado repetidor.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que cumpre o requisito de acceso:

- Directo por:
1. Bacharelato, modalidade de artes ou bacharelato artístico experimental
2. Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada ou título equivalente
3. Título superior de Artes Plásticas, Deseño ou Conservación e Restauración de Bens Culturais
4. Arquitecto ou licenciado en Belas Artes ou enxeñeiro técnico en Deseño Industrial
5. Experiencia laboral de, polo menos, un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo ao cal se queira acceder
- Mediante proba:
6. Proba específica
7. Proba de acceso (parte xeral e parte específica)



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**ANEXO II**
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Título (casos 1, 2, 3 e 4 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Certificado académico en que conste o depósito do título (casos 1, 2, 3 e 4 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral en que conste a natureza e duración concreta da actividade realizada (caso 5 do acceso)
- Título de bacharelato LOGSE (caso 6 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Certificado da proba de acceso ao ciclo formativo (caso 6 do acceso), só no caso de non autorizar a súa consulta
- Copia do DNI, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de titulacións académicas que constan en poder do Ministerio con competencias en materia de educación, de conformidade co artigo 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de certificacións académicas e/ou probas de acceso que constan en poder da Administración Autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

- SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxeefp@edu.xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 25 de xuño de 2007, modificada pola Orde do 15 de marzo de 2013 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
- Resolución do 22 de maio de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño para o curso 2015/16.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Dirección do centro **XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

I. Proba de madurez dos ciclos formativos de grao medio das familias profesionais de Artes Plásticas e Deseño.

A proba de acceso constará de dúas partes:

- Primeira parte:

- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua galega a partir dun texto escrito.

- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen sobre lingua castelá a partir dun texto escrito.

- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos socioculturais.

- Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, das cuestións que se formulen referidas a contidos científico-tecnolóxicos.

Nestes exercicios valoraranse a madurez e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo da educación secundaria obrigatoria. Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión de entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas.

- Segunda parte:

- Educación plástica e visual: realización, durante un tempo máximo de tres horas, dun exercicio de composición de libre interpretación e técnica, baseado nun modelo proposto.

II. Proba de madurez dos ciclos formativos de grao superior das familias profesionais de Artes Plásticas e Deseño.

A proba de acceso constará de dúas partes:

- Primeira parte:

Versará sobre as materias comúns propias do currículo do bacharelato.

- Lingua Galega e Literatura.



- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua estranxeira (Inglés ou Francés).
- Historia de España.
- Filosofía e Cidadanía.
- Historia da Filosofía.
- Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

Cumprirá seleccionar tres das devanditas materias e desenvolver por escrito unha cuestión entre dúas que se propoñan, para cada unha das tres elixidas. O tempo máximo para a súa realización será de tres horas. Nestes exercicios valoraranse a madureza e o nivel de coñecementos sobre estas áreas propias do currículo de bacharelato, o grao de madureza da persoa aspirante en canto á correcta comprensión de conceptos, a utilización da lingua e a capacidade de análise e de síntese.

- Segunda parte:

Historia da Arte.

ANEXO IV

I. Proba específica para o acceso a ciclos formativos de grao medio das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

- a) Primeiro exercicio: proba escrita.

Desenvolvemento, nun tempo máximo dunha hora, dun tema proposto nun texto sobre artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos. Neste exercicio valoraranse as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.

- b) Segundo exercicio: realización.

Realización, nun tempo máximo de dúas horas, de debuxos e bosquexos sobre un tema proposto para a súa aplicación posterior. Neste exercicio valoraranse as destrezas espe-



cíficas e as capacidades de observación, percepción e aptitude para os estudos concretos das distintas familias profesionais.

c) Terceiro exercicio: execución.

Execución durante un tempo máximo de dúas horas, cos bosquexos e debuxos realizados no exercicio segundo. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo, a composición e a predisposición para os estudos concretos das distintas familias profesionais.

II. Proba específica para acceso a ciclos formativos de grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

a) Primeiro exercicio: proba escrita.

Desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo dunha hora, de temas propostos nun texto ou por medio de documentación gráfica relacionados coas artes plásticas.

Valorarase as capacidades lingüísticas e os coñecementos histórico-artísticos.

b) Segundo exercicio: realización.

Realización, durante un tempo máximo de dúas horas, de bosquexos e debuxos sobre un tema proposto que servirán de base para a posterior realización. Valorarase as destrezas, as habilidades, as capacidades de percepción, de observación e de aptitude, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondentes á familia profesional.

c) Terceiro exercicio: execución.

Execución, durante un tempo máximo de dúas horas, da forma que determine o tribunal, cos bosquexos realizados no exercicio anterior, dun traballo relacionado co ciclo a que o alumno ou alumna aspira a acceder. Valorarase a capacidade artística e a creatividade do/a aspirante, o sentido do espazo e a capacidade compositiva, así como a predisposición para os estudos concretos dos ciclos correspondentes á familia profesional.



ANEXO V

Composición dos tribunais avaliadores para o acceso a ciclos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.

I. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Pablo Picasso, na Coruña.

Titulares:		Suplentes:	
Presidenta	Antía Salgado Mesa	Presidente	Miguel Ángel Marín Rodríguez
Vogal 1º	Mónica Sabariz Casado	Vogal 1º	Gonzalo Varela Díaz
Vogal 2º	Marta María Fernández Núñez	Vogal 2º	Javier Macho Erias
Vogal 3º	Ángel Cao Quelle	Vogal 3º	Bernardo Villanueva Fernández
Vogal 4º	Montserrat Vaz Veiga	Vogal 4º	Juan José Díaz Vieites

II. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

Titulares:		Suplentes:	
Presidente	Ángel Lázaro Sastre	Presidenta	María del Carmen Pastoriza Gómez
Vogal 1º	Raquel Anta Barragán	Vogal 1º	Rosa Millares Parada
Vogal 2º	Isabel Cobreiro Mosquera	Vogal 2º	Antonio Míguez Losada
Vogal 3º	José Luís Louzao Pérez	Vogal 3º	Vanesa Díaz Otero
Vogal 4º	Marcos Méndez Moreira	Vogal 4º	María Sol Fernández Pérez

III. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Ramón Falcón, en Lugo.

Titulares:		Suplentes:	
Presidente	Germán Álvarez Refojo	Presidenta	María Dolores de las Cuevas Revilla
Vogal 1º	Natalia Crecente García	Vogal 1º	Ángeles Castro Dapena
Vogal 2º	José Antonio Cruz Lago	Vogal 2º	José Luís García-Boente Carro
Vogal 3º	Ángela Morales Polo	Vogal 3º	Cristóbal Novoa González
Vogal 4º	José Francisco Fernández Ares	Vogal 4º	Javier Ángel Costas Táboas



IV. Tribunal avaliador das probas de acceso ás ensinanzas de grao medio na EASD Antonio Faílde, en Ourense.

Titulares:		Suplentes:	
Presidenta	Ofelia Cardo Cañizares	Presidente	Javier Fernández Alonso
Vogal 1º	Armando García Ferreiro	Vogal 1º	María Sol Rojo Vázquez
Vogal 2º	Néstor Martín Gulías	Vogal 2º	María Virginia Ramos Angueira
Vogal 3º	José Luís Casas Fernández	Vogal 3º	Emma Pérez Teijeiro
Vogal 4º	María Dolores Peláez Rivero	Vogal 4º	Andrés Ferreiro Rodríguez

V. Tribunais avaliadores das probas de acceso ás ensinanzas profesionais de grao superior, que actuarán na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela.

a) Tribunal avaliador das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior:

Ilustración, Arquitectura Efémera, Proxectos e Dirección de Obras de Decoración, Xoiería Artística, Modelismo da Indumentaria e Estilismo da Indumentaria.

Titulares:		Suplentes:	
Presidenta	Clara López Torres	Presidenta	Concepción Salgado Fernández
Vogal 1º	Ana González Orrio	Vogal 1º	Francisco Gómez Sánchez
Vogal 2º	José Manuel Seoane Feijóo	Vogal 2º	Elena Iglesias Rodríguez
Vogal 3º	Remedios Barreira Gómez	Vogal 3º	María Fernández González
Vogal 4º	Celia Castro Fernández	Vogal 4º	María del Carmen Fernández Rodríguez

b) Tribunal avaliador das probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior:

Fotografía Artística, Cerámica Artística, Gravado e Técnicas de Estampación, Artes Aplicadas da Escultura e Gráfica Publicitaria.

Titulares:		Suplentes:	
Presidente	Juan Adrio Fondevila	Presidenta	Nelly Rial Verde
Vogal 1º	Uxía Santás Lama	Vogal 1º	Óscar Aldonza Torres
Vogal 2º	Francisco Javier Rodríguez López	Vogal 2º	Manuel Antón García Freire
Vogal 3º	Manuel Fernández González	Vogal 3º	Diego Carracedo Constenla
Vogal 4º	Vanessa Nistal Bodelón	Vogal 4º	Elena Sánchez Pendás



ANEXO VI

**CERTIFICACIÓN ACADÉMICA
CERTIFICACIÓN ACADÉMICA****Proba de acceso ás ensinanzas profesionais de AA. PP. D. Ano académico 2015/16
Prueba de acceso a las enseñanzas profesionales de AA. PP. D. Año académico 2015/16**

Don/Dona..... presidente/a do tribunal de acceso ás
Don/Doña..... presidente/a del tribunal de acceso a las
ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o ano académico 2015/16
enseñanzas profesionales de Artes Plásticas y Diseño para el año académico 2015/16
(Resolución do de de 2015, da Dirección Xeral de Educación,
(Resolución de de de 2015, de la Dirección General de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa).
Formación Profesional e Innovación Educativa).

CERTIFICA:

CERTIFICA:

Que Don/Dona: con DNI nº.....obtivo na
Que Don/Doña: con DNI nº.....obtuvo en la
proba de MADUREZA/ESPECÍFICA de acceso ás ensinanzas profesionais de Artes
prueba de MADUREZ/ESPECÍFICA de acceso a las enseñanzas profesionales de Artes
Plásticas e Deseño para o acceso ao ciclo formativo de grao MEDIO/SUPERIOR:
Plásticas y Diseño para el acceso al ciclo formativo de grado MEDIO/SUPERIOR:

integrado na familia profesional artística:.....
integrado en la familia profesional artística:.....
a cualificación de:
la calificación de:

---- (Cualif. numérica) – (Cualif. literal)
---- (Cualif. numérica) – (Cualif. literal)

O que, por solicitude do/a interesado/a, e para que conste onde proceda, asino en:
Lo que, a solicitud del/la interesado/a, y para que conste donde proceda, firmo en:

Santiago de Compostela, de de 2015
Santiago de Compostela, de de 2015

O/A presidente/a:

El/La presidente/a:

(Selo da EASD na cal se realizaron as probas de acceso)

